



wo by [signature]

007767 23.12.2008 10:41

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14/12/09 POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO I DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 4 DE XULLO DE 2008 POLO QUE SE APROBOU O SISTEMA DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que *"De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados"*.

O Consello de Goberno na súa sesión do 4 de xullo de 2008 aprobou o sistema de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro. Nesta norma estableceuse que os créditos que se recoñecerán conforme as actividades realizadas, serán para o curso 2008-09, os que figuran no Anexo I deste Acordo.

En particular figuran determinadas actividades solidarias e de cooperación sempre que se realice a través das seguintes canles:

- Formar parte do Rexistro de Persoal Voluntario da USC, dependente da Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Ter colaborado nalgún proxecto de carácter interno organizado pola propia USC e destinado a favorecer a solidariedade e a cooperación como poden ser o programa titores, as bolsas de sostibilidade, o programa de mediadores informativos nos centros ou calquera outro de natureza análoga desenvolvido pola USC.
- Participar nos proxectos de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), dependente da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Ter colaborado en proxectos desta natureza coordinados pola universidade de procedencia.
- Participar nalgún dos proxectos das entidades de iniciativa social coas que a USC ten asignado convenio de colaboración ou con calquera outra legalmente constituída.

Estes criterios se concretan no recoñecemento de catro actividades ou programas :

- Programa Titores
- Bolsellos de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria
- Mediadores Informativos nos centros
- Programa de Acompañamento de Estudantes (PAE)

Sen embargo non se desenvolven as actividades de participación social que é necesario concretar e desenvolver.

Para estes efectos procede recoñecer as competencias adquiridas polo alumnado en actividades universitarias, solidarias e de cooperación recoñecidas pola USC conforme os criterios establecidos no Acordo do Consello de Goberno.



Deste xeito, faise necesario incorporar as actividades de participación social con efectos do Curso 09-10 e para isto propónse incrementar as actividades susceptibles de recoñecemento con créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro en Actividades de Participación Social.

Tendo en conta que segundo o artigo 1 do citado acordo do Consello de Goberno "o recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante Resolución Reitoral", procede ditar a correspondente Resolución.

No caso do programa de "Bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria" segundo o artigo 2 se valorará con un total de 3 créditos por curso académico o disfrute de ditas bolsas, pero non se especifican as condicións adicionais que deberá cumprir un estudante para poder computar estes créditos, polo cal se regula a continuación.

No caso do programa de Tutores se valorará con 6 créditos totais o desenvolvemento deste programa que levarase a cabo nos dous últimos cursos do Grao. O primeiro curso será teórico para preparar ó alumno para exercer como tutor no segundo curso. Neste segundo curso o alumno dará acollida os estudantes de novo ingreso exercendo de tutor durante todo ano académico.

E por último cómpre recoñecer aos alumnos que se adaptaron aos grados aquelas actividades culturais, deportivas etc. que realizaron ao abeiro doutro sistema de estudos como créditos de libre configuración, co obxecto de facilitar a adaptación aos novos planos de estudos.

Por todo o anterior, este Reitorado, **Resolveu:**

1.- Modificar o anexo I do Acordo do *Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008 polo que se aprobou o sistema de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do real decreto 1393/2007.*

2.- Recoñecer con créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro en Actividades de Participación Social da USC as actividades realizadas sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a.- Persoal voluntario

- Participar con aproveitamento no Curso de Formación Básica en Voluntariado ou o Curso on-line de Formación Básica en Voluntariado que se desenvolverá segundo os contidos dos xa aprobados por Resolución Reitoral, e cos códigos de actividade 2008/183 e 2009/154, nas datas e lugares que se anuncien cada ano académico. Este curso de carácter obrigatorio realizarase sempre con carácter previo á participación en calquera tipo de proxecto, con independencia do ámbito de intervención (inclusión social, saúde, apoio á diversidade, sostibilidade, natureza e medio ambiente, cooperación internacional, ou calquera outro de natureza análoga).
- Formar parte do Rexistro de Persoal Voluntario da USC, dependente da Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social.



b.- Participación en proxectos

- Participar nos proxectos de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), dependente da Vicerreitoría da Comunidade Universitaria.
- Participar nalgún dos proxectos das entidades de iniciativa social coas que a USC ten asinado convenio de colaboración para desenvolver programas de voluntariado, ou con calquera outra legalmente constituída que así o solicite. quen teña colaborado en proxectos desta natureza coordinados pola súa universidade de procedencia deberá realizar en calquera das modalidades, os cursos xa sinalados con anterioridade. Poderán ser dispensadas de realizar a formación aquelas persoas que acrediten ter superado o curso de formación básica noutra universidade, sempre e cando exista reciprocidade no recoñecemento da formación para o alumnado da USC.

c.- Campus virtual.

- Participar con aproveitamento nas Actividades de Participación Social da USC a través das ferramentas habilitadas no campus virtual, facilitando a xestión e a avaliación das actividades propostas. As tarefas de carácter obrigatorio (traballos, cuestionarios, foros, etc...) serán marcadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria.

O tempo mínimo de colaboración para o recoñecemento será de 25 horas e o recoñecemento farase a raíz dun crédito por cada 25 horas ate un máximo de tres por ano académico. Soamente se poderán imputar un máximo de seis créditos polas colaboracións neste tipo de actividades.

O procedemento de imputación tramitarase a solicitude do interesado perante o Servizo de Participación e Integración Universitaria indicando os datos de realización das actividades a recoñecer. Trala presentación da documentación correspondente expedirase unha credencial pola Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social, que o alumno deberá presentar na Unidade de Xestión correspondente. Unha vez aboados os prezos públicos correspondentes por parte do alumno/a, procederase a imputación no expediente.

3.- No caso do programa de "Bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria":

- a) Se recoñecerá con 3 créditos o ter disfrutado dunha das bolsas sempre que o informe da unidade que coordinou as bolsas durante o curso académico en cuestión (xeralmente Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC) sexa positivo, mostrando así que se cumpriron a lo menos un 70% das tarefas asociadas á bolsa. Soamente se emitirá o recoñecemento si se disfrutou da bolsa durante a totalidade da convocatoria do curso do que se trate.
- b) Non se outorgará recoñecemento algún se o estudante foi cesado da bolsa por incumprimento das súas funcións como bolseiro/a.
- c) Se recoñecerán, un total de 3 créditos por curso académico ata que se chegue ao máximo de 6 créditos.

4.- No caso do programa Titores:recoñeceranse 6 créditos a aqueles alumnos que realicen integramente este programa nos dous últimos cursos do grao, sen que sexa posible a valoración dunha soa das partes do programa.

Para ter constancia do cumprimento, farase un seguimento da labor desenvolvida e os alumnos deberán facer un informe ao finalizar cada curso.

5.- Nos procedementos de recoñecemento de estudos por cambio de plan (de estudos realizados ao abeiro do Real Decreto 1497/1987 a estudos estruturados conforme ao Real Decreto 1393/2007), recoñeceranse de oficio todos os créditos de actividades culturais, deportivas, etc. organizadas pola USC e realizados como créditos de libre configuración, ata un máximo de seis créditos ECTS.


Este créditos figurarán no expediente como créditos do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007.

Aqueles créditos de libre elección que se utilizasen para o recoñecemento doutras materias ou competencias no grao, non poderán ser considerados dentro deste apartado.


Os recoñecementos de estudos por cambio de plan realizados con anterioridade á aprobación deste norma serán revisados de oficio ou a instancia de parte e recoñecidas estas competencias.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2009

O Reitor



Senén Barro Amenelro



Enviado a:

Decanos, Directores de Departamento, SXA, UUXA, OAR, SXPRA, Vice EEES, Vice de Lugo, Vice de compromiso social, Oficina de participación e Xescampus